


OBRA E AUTOR : *El abuelo que saltó por la ventana y se largó, de Jonas Jonasson*



DE QUE VAI : No día no que cumpre cen anos, e antes de que comece a festa na súa centenaria honra, Allan Karlsson decide que iso non vai con el e fuxe do xeriátrico no que reside, co seu mellor traxe e unhas pantuflas nos pés. A partir de aquí arranca unha historia hilarante onde se mestura a azarosa vida do protagonista, partícipe accidental dos máis importantes acontecementos dos últimos cen anos, coa tamén hilarante aventura que comeza coa súa fuxida do xeriátrico.

TÍTULO : Chamativo. O título, que nunha soa frase, destilada da primeira páxina da obra, consegue explicar cal vai ser o tono que se vai empregar ao longo da mesma. Ao ser tan particular chama a atención dende o primeiro momento, e convida a, cando menos, ler a contraportada. As nosas sabias e sabios resaltan que a foto, horrible a máis non poder, reforza acertadamente a idea do título.

ESTRUTURA

: Curiosa estrutura, aparentemente sinxela e lineal, con dúas historias contadas en dous planos temporais distintos e intercaladas ao longo da obra: unha, a da vida do protagonista ao longo dos cen anos anteriores; a outra, a aventura que vive xunto aos outros protagonistas, tan estraños como curiosos, nas semanas seguintes ao seu centenario, e que en contraposición á outra parte, dura unhas poucas semanas. Así, segundo avanzamos na lectura, asistimos a un continuo "flash back", perfectamente marcado ao principio de cada parte, cunha indicación explícita do período histórico correspondente, o cal axuda a non perder o fío da obra. Cara ó final, a historia colle forma de círculo que se pecha, conforme as datas das dúas historias se aproximan. En calquera caso, os xogos cos tempos que fai o autor resultan moi interesantes.

ARGUMENTO

: Xa dixemos que a estrutura é lineal, e conta dúas historias. Esas dúas historias son en realidade unha soa, onde se narra a vida de Allan Karlsson. Por un lado, o seu devir ata o día que cumpre cen anos, e que por mor da casuística leva o noso protagonista a formar parte do desenvolvemento de determinados acontecementos históricos claves do século XX. Por outro lado, o que acontece a partir do momento no que Allan decide saltar pola fiestra do xeriátrico e remata, sen querer ou por azar, apropiándose dunha maleta chea de millóns de coroas. E todo dende un punto de vista moi satírico, con pasaxes totalmente delirantes e surrealistas, conseguindo que o relato, que non deixa de ser unha novela histórica vista a través do prisma do humor, nos conte os acontecementos máis importantes do século vinte sen que casi nos deamos conta.

CONCLUSIÓNS

En xeral falamos dunha obra moi divertida, inda que nalgún pasaxe poida facerse algo máis pesada, quizais porque se repite moito o salto temporal, impedindo que a que se supón que é a historia principal avance. Dende logo é unha obra recomendable para pasar un anaco divertido, e para os que fuxan de novelas históricas, longas e densas.